

Vitamina B ₁ (Tiamina) mg	1,4
Vitamina B ₂ (Rivoflavina) mg	1,6
Vitamina B ₃ (Niacina) mg	18
Vitamina B ₆ (Piridoxina ou piridoxal ou piri- doxamina) mg	2
Vitamina B ₉ (Ácido fólico ou folatos) µg	200
Vitamina B ₁₂ (Cianocobalamina) µg	1
Biotina mg	0,15
Ácido pantoténico mg	6

2. *Minerais*

Sodio mg	por fixar
Cloro µg	por fixar
Potasio mg	por fixar
Calcio mg	800
Fósforo mg	800
Magnesio mg	300
Ferro mg	14
Zinc mg	15
Manganeso mg	por fixar
Cobre µg	por fixar
Iodo µg	150
Selenio µg	por fixar
Molibdeno µg	por fixar
Cromo µg	por fixar
Fluor mg	por fixar

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

19281 *ORDE TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social. («BOE» 250, do 18-10-2003.)*

Ó abeiro do previsto no número 2 do artigo 125 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, a Orde do 18 de xullo de 1991 do entón Ministerio de Traballo e Seguridade Social regulou o convenio especial no Sistema da Seguridade Social, que contén no capítulo I as normas xerais e no capítulo II as relativas a determinados supostos especiais.

Sen embargo, existían xa ou dictáronse posteriormente disposicións de distinto rango que en función do artigo 97.2.l) da propia Lei xeral da Seguridade Social instrumentaron, mediante o instituto do convenio especial, a inclusión en diversos réximes do sistema, como asimilados a traballadores por conta allea, de distintos colectivos para os que, por razón da súa actividade, así o determinou o Goberno mediante real decreto por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

Todo isto orixinou unha nova dispersión normativa na regulación das distintas modalidades de convenios especiais, dispersión que debe ser superada reconducíndoa a un texto unitario que recolla tódalas diversas modalidades existentes na actualidade.

Por outro lado, resulta, así mesmo, necesario clarexar e actualiza-las actuais previsións legais en parte superadas por posteriores normas de distinto rango que inciden na súa regulación, considerándose oportuno, dadas as novas figuras contractuais no ámbito substantivo laboral e os colectivos incluídos no sistema, para que estes non resulten prexudicados na súa carreira de previsión, que o convenio especial sexa instituto xurídico válido non

soamente para a conservación, senón tamén, cando así se estableza en norma de rango suficiente, para a iniciación de situacións de alta ou asimiladas á de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda en razón da actividade que o traballador ou asimilado desenvolva ou que desenvolvese.

Noutros casos resulta necesario tamén dar debido cumprimento a esixencias legais, como no convenio especial de empresas e traballadores suxeitos a expediente de regulación de emprego que inclúan traballadores de 55 ou máis anos e o réxime xurídico xeral dos cales se establece na disposición adicional trixésima primeira da Lei xeral da Seguridade Social, agregada polo artigo 7 do Real decreto lei 16/2001, do 27 de decembro, primeiro, e da Lei 35/2002, do 12 de xullo, despois, ambos de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

En fin, a conveniencia e o servizo ós cidadáns fan necesario facilita-la subscrición de convenios especiais tanto canto ó prazo para solicitálos como canto ós requisitos esixibles para subscribilos.

A tales finalidades de refundir, cando menos formalmente, nun texto normativo único co rango de orde ministerial as diversas disposicións deste rango reguladoras dos convenios especiais na actualidade, así como ás de completa-las lagoas existentes na regulación de certos tipos de convenios especiais e posibilita-la subscrición de convenio especial para determinadas situacións e colectivos ós que lles estaba vedado de acordo coa normativa vixente, responde fundamentalmente a presente orde.

Na súa virtude, este ministerio, en uso das atribucións que ten conferidas, coa aprobación previa do Ministerio de Administracións Públicas, tivo a ben dispor:

CAPÍTULO I

Regulación xeral

SECCIÓN 1.^a DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 1. *Finalidade e obxecto xerais.*

1. A subscrición de convenio especial coa Seguridade Social nos seus diferentes tipos determinará a iniciación ou a continuación da situación de alta ou asimilada á de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda en razón da actividade que o traballador ou asimilado desenvolva ou desenvolvese con anterioridade á subscrición do convenio nos termos que se establecen nesta orde e demais disposicións complementarias.

2. O convenio especial coa Seguridade Social terá como obxecto a cotización ó réxime no ámbito da cal se subscriba o convenio e a cobertura das situacións derivadas de continxencias comúns mediante o outorgamento das prestacións a que se estenda a acción protectora do dito réxime da Seguridade Social por tales continxencias, da que así mesmo quedan excluídas, salvo nos supostos en que outra cosa resulte do disposto no capítulo II desta orde, as situacións de incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo e os subsidios correspondentes a elas. Así mesmo quedarán excluídas do convenio especial a cotización e a protección por desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional.

Artigo 2. *Subscritores do convenio especial.*

1. O convenio especial coa Seguridade Social subscribirase coa Tesourería Xeral da Seguridade Social a través dos órganos competentes para o efecto, de acordo

coa distribución de competencias que esta teña establecida.

2. Poderán subscribi-lo convenio especial coa Tesourería Xeral da Seguridade Social:

a) Os traballadores ou asimilados que causen baixa no réxime da Seguridade Social en que se encontren encadrados e non estean comprendidos no momento da subscrición no campo de aplicación de calquera outro réxime do Sistema da Seguridade Social.

b) Os traballadores por conta allea con contrato de traballo de carácter indefinido, así como os traballadores por conta propia incluídos no Sistema da Seguridade Social, sempre que uns e outros continúen en situación de alta e teñan cumpridos 65 ou máis anos de idade e acrediten 35 ou máis anos de cotización efectiva, e queden exentos da obriga de cotizar á Seguridade Social, nos termos establecidos no artigo 112.bis e disposición adicional trixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, a excepción en todo caso dos traballadores que presten os seus servicios nas administracións públicas ou nos organismos públicos regulados no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

c) Os traballadores ou asimilados en situación de pluriemprego ou de pluriactividade que cesen nalgunha das actividades por conta allea determinantes da situación de pluriemprego ou na actividade ou actividades por conta propia ou na prestación ou prestacións de servicios por conta allea constitutivas da súa situación de pluriactividade, nos termos regulados no artigo 23.

d) Os traballadores ou asimilados que cesen na súa prestación de servicios por conta allea ou na súa actividade por conta propia e que sexan contratados polo mesmo ou outro empresario con remuneracións que dean lugar a unha base de cotización inferior á media das bases de cotización correspondentes ós días cotizados nos doce meses inmediatamente anteriores ó cesamento.

e) Os pensionistas de incapacidade permanente total para a profesión habitual que, con posterioridade á data de efectos da correspondente pensión, realizasen traballos determinantes da súa inclusión no campo de aplicación dalgún dos réximes que integran o Sistema da Seguridade Social e se encontren nas situacións previstas nos números anteriores.

f) Os traballadores que se encontren percibindo prestacións económicas do nivel contributivo por desemprego e se lles extinga o dereito a elas ou pasen a percibi-lo subsidio por desemprego, así como os que cesen na percepción deste último.

g) Os pensionistas de incapacidade permanente, en calquera dos seus graos, que sexan declarados plenamente capaces ou con incapacidade permanente parcial para a profesión habitual como consecuencia dun expediente de revisión por melloría ou erro de diagnóstico.

h) Os pensionistas de incapacidade permanente ou xubilación ós cales se lles anule a súa pensión en virtude de sentenza firme ou se lles extinga por calquera outra causa.

i) Os traballadores ou asimilados que causen baixa no correspondente réxime da Seguridade Social por teren solicitado unha pensión do dito réxime e esta lles sexa posteriormente denegada por resolución administrativa ou xudicial firme.

j) Os demais traballadores por conta propia ou por conta allea ou asimilados, nos supostos especiais que se regulan no capítulo II desta orde.

Artigo 3. *Requisitos.*

Para subscribi-lo convenio especial coa Seguridade Social será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. Solicita-la subscrición do convenio especial perante a dirección provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou da Administración dela correspondente ó domicilio do solicitante. A solicitude formularase no modelo oficial ou polo procedemento técnico establecido para o efecto pola Dirección Xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A solicitude poderase formular en calquera momento, sempre que o interesado se encontre nalgunha das situacións que permiten subscribi-lo convenio especial conforme o sinalado no artigo 2 e poderase presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Ter cuberto, na data de solicitude do convenio especial, un período de mil oitenta días de cotización ó Sistema da Seguridade Social nos doce anos inmediatamente anteriores á baixa no réxime da Seguridade Social de que se trate.

2.1 Para tales efectos computaranse as cotizacións efectuadas a calquera dos réximes do Sistema da Seguridade Social, incluídas as correspondentes ós días-cotas por pagas extraordinarias, as que tivesen podido realizarse como consecuencia doutro convenio especial para a cobertura das mesmas prestacións económicas, as relativas ós días que se consideren como período de cotización efectiva durante o primeiro ano de excedencia ou período menor, de acordo coa lexislación aplicable, por razón do coidado de cada fillo ou de familiar ata o segundo grao por razóns de idade, accidente ou enfermidade, así como, se é o caso, os días cotizados durante o período de percepción das prestacións ou subsidios por desemprego e os períodos, así mesmo, cotizados noutro dos Estados membros do Espacio Económico Europeo ou cos que exista convenio internacional ó respecto, salvo que a norma especial ou o convenio internacional prevexan outra cousa, sempre que non se superpoñan e sexan anteriores á data de efectos do convenio especial do que se solicita a celebración.

Sen embargo, non se computarán os días en que, sendo o traballador solicitante o obrigado ó cumprimento da obriga de cotizar, non estea ó día no pagamento das cotas anteriores á data de efectos do convenio.

2.2 No caso de pensionistas de incapacidade permanente ou xubilación, ós cales se lles anulase ou extinguiuse por calquera causa o dereito á pensión, o dito período mínimo de cotización deberá estar cuberto no momento en que se extinguiu a obriga de cotizar.

2.3 Non será esixible o período mínimo de cotización nos convenios especiais a que se refiren os artigos 11 a 22 desta orde, nin, en xeral, cando regulamentariamente se prevexa a subscrición de convenio especial para a inclusión no Sistema da Seguridade Social.

Artigo 4. *Formalización.*

1. A notificación pola Tesourería sobre a procedencia de celebra-lo convenio especial solicitado deberase producir dentro dos tres meses seguintes á data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da dirección provincial ou Administración competente para a súa tramitación.

De acordo co establecido na disposición adicional vixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, a falta de resolución expresa no prazo previsto no parágrafo anterior terá como efecto a estimación da respectiva solicitude por silencio administrativo.

2. O convenio especial será subscrito pola Tesourería Xeral e polo interesado, no modelo aprobado pola

Dirección Xeral do dito Servicio Común da Seguridade Social, dentro dos tres meses seguintes á data de notificación da súa procedencia, entendéndose caducado o procedemento iniciado cando transcorra ese prazo sen que se produza a súa sinatura por causa imputable ó interesado.

SECCIÓN 2.^a EFECTOS XERAIS

Artigo 5. *Efectos do convenio especial: data deles.*

1. As persoas que subscriban o convenio especial coa Seguridade Social en calquera das súas modalidades consideraranse en situación de alta ou asimilada á de alta no réxime ou, se é o caso, nos réximes da Seguridade Social en que se subscribise, respecto das continxencias e nas condicións que se establecen nesta orde, desde a data de efectos daquel.

2. As datas de iniciación dos efectos do convenio especial serán as seguintes:

2.1 Se a solicitude do convenio especial se presentase dentro dos noventa días naturais seguintes á data do cesamento na actividade ou na situación que determine a baixa no correspondente réxime da Seguridade Social con extinción da obriga de cotizar, da cesación na actividade determinante da situación de pluriemprego ou pluriactividade, da vixencia do contrato ou situación determinante da cotización inferior á que se viña cotizando, nos supostos previstos respectivamente nas alíneas a), b), c), d) e e) do número 2 do artigo 2, ou á data en que se extinguiuse o dereito ou se notificase a resolución firme, administrativa ou xudicial, denegatoria das prestacións correspondentes, nos supostos previstos nas alíneas f), g), h) e i) do mesmo número 2, o convenio especial producirá efectos desde o día seguinte a aquel en que producise efectos a baixa no réxime correspondente, a cesación da actividade, a vixencia do contrato de traballo ou situación determinante da cotización inferior á que se viña cotizando, a extinción ou a denegación do dereito ás prestacións respectivas.

2.2 Se a solicitude do convenio se tivese presentado fóra do prazo sinalado no número precedente, aquel producirá efectos desde o día da presentación da solicitude de convenio especial en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2.3 En todo caso, na solicitude do convenio especial presentada no prazo de noventa días e ata a súa subscrición, o subscritor poderá optar entre as datas de efectos indicadas no número 2.1 precedente ou a correspondente á presentación da solicitude, entendéndose que, de non efectuarse tal opción, a data de efectos do convenio especial será a que resulta do disposto no citado número 2.1 anterior.

Artigo 6. *Obriga de cotizar: Base de cotización.*

1. Na situación de convenio especial, a cotización á Seguridade Social será obrigatoria desde a data de efectos do convenio e mentres se manteña a súa vixencia.

2. A base de cotización por convenio especial terá carácter mensual. Nos supostos en que fose necesario tomar bases diarias, a base anterior dividirase por trinta en tódolos casos.

2.1 No momento de subscribi-lo convenio especial o interesado poderá elixir calquera das seguintes bases mensuais de cotización, sen prexuízo do que con carácter de especialidade se establece no capítulo II desta orde:

a) A base máxima de cotización do grupo de cotización correspondente á categoría profesional do inte-

resado elixida por este, sempre que cotizase por ela polo menos durante vinte e catro meses, consecutivos ou non, nos últimos cinco anos.

b) A base de cotización que sexa o resultado de dividir por 12 a suma das bases por continxencias comúns polas que se efectuasen cotizacións, respecto do traballador solicitante do convenio especial, durante os doce meses consecutivos anteriores a aquel en que producise efectos a baixa ou se extinguiuse a obriga de cotizar e que sexa superior á base mínima a que se refire a alínea c) seguinte.

De ter acreditado un período de cotización inferior a doce meses, esta base estará constituída polo resultado de multiplicar por 30 o cociente de dividi-la suma das bases de cotización entre o número de días cotizados.

c) A base mínima de cotización vixente, na data de efectos do convenio especial, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

d) Unha base de cotización que estea comprendida entre as bases determinadas conforme o disposto nas alíneas a), b) e c) anteriores.

Non obstante, no suposto da alínea b) do número 2 do artigo 2 desta orde, a base de cotización estará constituída unicamente pola diferenza entre a base superior pola que se tivese que cotizar de non gozar de exención e a base a que se refiren, respectivamente, o número 6 do artigo 162 e a disposición adicional trixésima segunda da Lei xeral da Seguridade Social.

2.2 Cada vez que, durante o período de vixencia do convenio especial, a base mínima de cotización no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos sexa modificada a base de cotización correspondente ó convenio será incrementada, como mínimo, na mesma porcentaxe que experimentase aquela base mínima ou, se é o caso, na porcentaxe superior que teña dereito a elixi-lo interesado, ata que a contía da base resultante sexa como máximo a base prevista na alínea 2.1.a) anterior.

2.3 As persoas que subscriban o convenio especial e optasen pola base de cotización a que se refiren as alíneas 2.1.a), b) e d) anteriores poderán solicitar que, mentres manteñan a súa situación de alta ou asimilada á de alta pola subscrición do convenio, a súa base de cotización se incremente automaticamente na mesma porcentaxe en que se aumente no sucesivo a base máxima de cotización do Réxime da Seguridade Social de que se trate.

2.4 Así mesmo, en ningún caso a base de cotización resultante poderá ser superior ó tope máximo de cotización vixente. Nos casos de suspensión do convenio especial nos termos previstos no número 1 do artigo 10, cando o traballador ou asimilado, polos períodos de actividade, for obxecto de inclusión no mesmo ou noutro réxime da Seguridade Social e coincidiren cotizacións por períodos de actividade laboral e por convenio especial, a suma de ámbalas bases de cotización non poderá exceder do tope máximo de cotización vixente en cada momento, debendo, se é o caso, rectificarse a base de cotización do convenio especial na cantidade necesaria para que non se produza a superación do indicado tope máximo.

2.5 Naqueles réximes en que se deben ter en conta, para efectos de cotización, distintas categorías profesionais, as bases mínima ou máxima sinaladas nos números anteriores entenderanse referidas ás correspondentes ó grupo de cotización en que se encontre comprendida a categoría que tiña o traballador antes da baixa, sempre que sexan superiores á base mínima a que se refire o número seguinte.

2.6 En ningún caso o importe da base de cotización por convenio especial poderá ser inferior ó da base míni-

ma a que se refire a alínea 2.1.c) deste artigo e producirá efectos en cada caso desde a data de vixencia da disposición modificadora da base mínima de cotización.

2.7 As opcións a que se refiren os números 2.1 e 2.3 anteriores que se exerzan con posterioridade á subscrición do convenio especial deberanse efectuarse antes do primeiro de outubro de cada ano e terán efectos desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte á data de solicitude.

A renuncia a estas opcións poderase realizar no mesmo prazo e terá efectos desde o 1 de xaneiro do ano seguinte ó da formulación da renuncia.

Artigo 7. *Tipo de cotización e determinación da cota.*

1. O tipo de cotización por convenio especial será único e estará constituído polo vixente en cada momento no réxime xeral da Seguridade Social.

2. Para determina-la cota que se deberá ingresar por convenio especial actuarase da forma seguinte:

a) Calcularase a cota íntegra aplicando á base de cotización que corresponda o tipo único de cotización vixente no réxime xeral.

b) O resultado obtido multiplicarase polo coeficiente ou coeficientes reductores aplicables, en función da acción protectora dispensada polo convenio especial, e o produto que resulte constituirá a cota líquida que se deberá ingresar.

Para estes efectos, os coeficientes aplicables para a cotización na situación de convenio especial serán os fixados anualmente polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

c) Cando os efectos iniciais ou finais do convenio especial non sexan coincidentes co primeiro ou o último día do mes, a cota mensual dividirase por 30 e o cociente multiplicarase polos días do mes en que teña ou tivese efectos o convenio.

Artigo 8. *Suxeitos responsables do cumprimento da obriga de cotizar e prazo.*

1. Conforme o establecido no número 1.1.^a m) do artigo 9 do Regulamento xeral de recadación dos recursos do Sistema da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1637/1995, do 6 de outubro, na situación de convenio especial é suxeito responsable do cumprimento da obriga de cotizar á Seguridade Social o comprometido no convenio a aboar ó seu cargo o importe da cota correspondente nos termos que o convenio establece e, se é o caso, aquel a quen se impoña expresamente a obriga nesta orde ou noutra norma específica.

Non obstante, poderán actuar como substitutos dos traballadores ou asimilados que subscriban o convenio especial ou, se é o caso, dos empresarios obrigados ó pagamento da contribución correspondente as persoas físicas ou xurídicas que asuman voluntariamente esta obriga con autorización expresa dos traballadores, empresarios ou asimilados. En tales casos e só para os efectos de facilita-la liquidación e o cumprimento da obriga de cotizar en virtude do convenio especial, a Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou da súa Administración correspondente dará traslado dunha copia do convenio especial á persoa física ou xurídica que substitúa o empresario ou o traballador ou asimilado no cumprimento da obriga de ingresa-las cotas respectivas.

A substitución na persoa do debedor feita sen consentimento expreso da Tesourería Xeral da Seguridade Social non liberará o subscritor do convenio, sen prexuízo de que, se o substituto realizar o pagamento, este se considere efectuado por terceiro cos efectos previstos no número 3 do artigo 15 do Regulamento xeral de

recadación dos recursos do Sistema da Seguridade Social.

2. O prazo regulamentario de ingreso das cotas correspondentes será o establecido no número 3.1 do artigo 66 da Orde ministerial do 26 de maio de 1999, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación dos recursos do Sistema da Seguridade Social.

Artigo 9. *Acción protectora.*

1. Nas situacións de alta ou asimiladas á de alta por convenio especial, ó producirse o respectivo feito causante outorgaranse, se se reúnen os requisitos necesarios, as prestacións correspondentes derivadas de contingencias comúns a excepción dos subsidios por incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo, quedando, así mesmo, excluídas a protección por desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional, sen prexuízo do que con carácter de especialidade se establece no capítulo II desta orde.

2. As prestacións sinaladas no número anterior recoñeceranse conforme as normas que as regulan no réxime ou réximes da Seguridade Social nos que figure incluído o subscritor do convenio especial.

Artigo 10. *Suspensión e extinción do convenio especial.*

1. O convenio especial coa Seguridade Social regulado nesta orde quedará suspendido, respecto da obriga de cotizar e a protección correspondente, durante os períodos de actividade do traballador ou asimilado que o subscribise cando estes, tanto se teñen carácter continuo como discontinuo, determinen o seu encadramento no campo de aplicación dalgún dos réximes da Seguridade Social, sempre que a base de cotización a este sexa inferior á base de cotización aplicada no convenio especial, salvo que o subscritor do convenio especial manifeste expresamente a súa vontade de que o convenio se extinga ou que siga vixente, caso en que se observará o especialmente previsto no artigo 23 desta orde.

Para tales efectos, a realización das actividades que dean lugar á suspensión deberá ser comunicada polo subscritor do convenio ou polo seu representante á respectiva dirección provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou da súa Administración correspondente, dentro dos dez días naturais seguintes ó citado reinicio de actividades, producindo efectos a suspensión do convenio especial desde o día anterior ó da incorporación ó traballo. Se se notificar despois dese prazo, a suspensión unicamente producirá efectos desde a data de comunicación.

Finalizada a causa determinante da suspensión do convenio especial, poderase restablecer a efectividade do convenio que se tiña subscrito desde o día seguinte a aquel en que finalizou a causa da suspensión, se o interesado efectúa comunicación ó respecto á correspondente dirección provincial da Tesourería ou Administración desta dentro do mes natural seguinte a aquel en que se produciu o cesamento no traballo determinante da suspensión. Se se comunicase despois dese prazo, o reinicio da efectividade do convenio producirase desde o día da presentación da comunicación, salvo que efectuase con anterioridade cotizacións polo convenio, caso en que o reinicio se producirá desde a data de efectos do primeiro pagamento, en prazo regulamentario, posterior á data en que se produce o cesamento no traballo determinante da suspensión.

2. O convenio especial extinguirase por calquera das seguintes causas:

a) Por queda-lo interesado comprendido, pola realización de actividade, no campo de aplicación do mesmo réxime de Seguridade Social no que se subscribíse o convenio ou noutro réxime dos que integran o Sistema da Seguridade Social, sempre que o traballador ou asimilado que o subscribir preste os seus servizos ou exerza a súa nova actividade a tempo completo ou a tempo parcial, por tempo indefinido ou por duración determinada, con carácter continuo ou discontinuo, e a nova base de cotización que corresponda sexa igual ou superior á base de cotización do convenio especial.

Non obstante, non se producirá a extinción do convenio especial por esta causa, salvo que o interesado manifeste expresamente o contrario, nos casos de pluriemprego ou pluriactividade nos termos establecidos no capítulo II desta orde.

b) Por adquiri-lo interesado a condición de pensionista por xubilación ou de incapacidade permanente en calquera dos réximes do Sistema de Seguridade Social.

c) Por falta de aboamento das cotas correspondentes a tres mensualidades consecutivas ou a cinco alternativas, salvo causa xustificada de forza maior debidamente acreditada. Nestes casos o interesado non poderá subscribir novo convenio especial ata que se encontre ó día no pagamento das cotas debidas por convenio anterior, caso en que o novo convenio unicamente producirá efectos desde o día da nova solicitude.

d) Por falecemento do interesado.

e) Por decisión do interesado, comunicada por escrito ou por medios técnicos á dirección provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou da súa Administración correspondente. Neste caso a extinción do convenio especial terá lugar a partir do día 1 do mes seguinte á data da comunicación.

Non se extinguirá o convenio especial por desprazamento do subscritor ó estranxeiro aínda que este desprazamento supere o prazo de 90 días ou, se for o caso, a prórroga que se poida conceder, tanto se o traballador ou asimilado queda incluído como se queda excluído do campo de aplicación da Seguridade Social no país ó que se desprace o subscritor do convenio.

CAPÍTULO II

Modalidades de convenio especial

SECCIÓN 1.^a CONVENIOS ESPECIAIS CON DETERMINADOS ÓRGANOS OU ORGANISMOS EN FAVOR DOS SEUS MEMBROS

Artigo 11. *Convenios especiais aplicables ós deputados e senadores das Cortes Xerais e ós deputados do Parlamento Europeo.*

1. As Cortes Xerais e a Tesourería Xeral da Seguridade Social poderán subscribir un convenio especial ou revisa-los xa subscritos con aquelas respecto destes deputados e senadores ó abeiro do disposto nas ordes do 29 de xullo de 1982 e do 1 de xuño de 1988, todo isto de acordo cos criterios que se fixan neste artigo.

2. As Cortes Xerais poderán subscribir convenio especial respecto daqueles senadores e deputados que o desexen para efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social, aínda cando con anterioridade aqueles estivesen encadrados nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social.

3. A subscrición deste convenio especial determinará para os beneficiarios a consideración de situación asimilada á de alta no réxime xeral da Seguridade Social a partir da data de constitución da lexislatura para a que foron elixidos ou, se for o caso, desde a posterior

data de adquisición da condición de senador ou deputado das Cortes Xerais ou a partir da data da solicitude polos deputados ó Parlamento Europeo, sempre que previamente perfeccionase a súa condición de acordo co disposto no artigo 224 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, e, nun ou noutro caso, ata a data de extinción do convenio especial, conforme o previsto no número 6 deste artigo.

4. A acción protectora para os beneficiarios deste convenio especial abranguerá a totalidade da acción protectora do réxime xeral da Seguridade Social, incluída a correspondente a continxencias profesionais, pero quedarán excluídos da protección e correspondente cotización por desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional.

5. O convenio especial determinará a obriga de cotizar respecto dos membros das Cortes Xerais e do Parlamento Europeo incluídos nel ata a data de constitución da lexislatura seguinte ou ata a data de extinción do seu mandato, respecto dos que por calquera causa perderen a condición de senador ou deputado durante a lexislatura para a que foron elixidos.

Respecto dos deputados e senadores das Cortes Xerais e dos deputados ó Parlamento Europeo acollidos ó convenio, non existirá obriga de cotizar polos conceptos de recadación conxunta coas cotas de Seguridade Social.

5.1 A base mensual de cotización dos deputados e senadores acollidos ó convenio especial estará constituída pola asignación que perciba cada deputado ou senador pola súa condición de parlamentario ata a base máxima vixente do grupo 1 dos grupos de cotización por categorías profesionais do réxime xeral establecida para cada exercicio na respectiva Lei de orzamentos xerais do Estado.

Nos casos de pluriactividade, aplicaranse as regras de cotización correspondentes a cada réxime da Seguridade Social en que o senador ou deputado quede incluído e en alta ou en situación asimilada á de alta.

5.2 O tipo de cotización para as continxencias comúns será o vixente en cada momento no réxime xeral.

Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicarase o epígrafe 113 da tarifa de primas aprobada polo Real decreto 2930/1979, do 29 de decembro, polo que se revisa a tarifa de primas para a cotización á Seguridade Social por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sen prexuízo do que para o efecto estableza a Lei de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio.

5.3 A liquidación e ingreso das cotizacións será efectuada polas Cortes Xerais de conformidade co establecido na normativa aplicable ó réxime xeral da Seguridade Social

6. O convenio especial a que se refire o presente artigo extinguirase cando o senador ou deputado cese no seu mandato por calquera causa. Non obstante, en caso de disolución das Cortes Xerais ou do Parlamento Europeo, a situación de asimilación á alta por convenio especial quedará prorrogada ata a data de constitución da lexislatura seguinte, momento en que se extinguirá o convenio respecto dos deputados e senadores que non fosen elixidos para a nova lexislatura.

Artigo 12. *Convenios especiais respecto dos membros dos parlamentos e gobernos das comunidades autónomas.*

1. O convenio especial coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e os parlamentos das comunidades autónomas en favor dos seus membros rexerese polo establecido no Real decreto 705/1999, do 30 de abril,

polo que se modifica a regulación relativa á subscrición do convenio especial coa Administración da Seguridade Social polos parlamentos das comunidades autónomas en favor dos seus membros.

2. O convenio especial coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e os gobernos das comunidades autónomas en favor dos seus membros rexeráse polo disposto na Orde do 7 de decembro de 1981, pola que se regula a subscrición de convenio especial coas entidades xestoras da Seguridade Social polos gobernos e parlamentos das comunidades autónomas, a favor dos seus membros, na parte daquela non derogada polo citado Real decreto 705/1999, do 30 de abril.

3. Os convenios especiais a que se refiren os números anteriores rexeráse supletoriamente polas normas contidas no artigo anterior e, no seu defecto, polas do capítulo I desta orde.

SECCIÓN 2.^a CONVENIOS ESPECIAIS PARA OS QUE PRESTEN SERVICIOS NA ADMINISTRACIÓN DA UNIÓN EUROPEA E EN ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS

Artigo 13. *Convenio especial para os incluídos no campo de aplicación do Sistema de Seguridade Social español que pasen a prestar servicios na Administración da Unión Europea.*

Os incluídos no ámbito de aplicación do Sistema de Seguridade Social español que pasen a prestar servicios na Administración da Unión Europea e que, por exercerem o dereito de opción que lles concede o artigo 11, número 2, do anexo VIII do Estatuto de funcionarios da Unión Europea, causen baixa no Sistema de Seguridade Social español, conforme o establecido na disposición adicional quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, desenvolvida polo Real decreto 2072/1999, do 30 de decembro, sobre transferencias recíprocas de dereitos entre o sistema de previsión social do persoal das Comunidades Europeas e os réximes públicos de previsión social españois, poderán continuar en situación asimilada á de alta no Sistema de Seguridade Social español se continuaren acollidos ó convenio especial co mesmo que tivesen suscrito con anterioridade ou o subscribisen posteriormente no prazo, condicións e efectos establecidos no capítulo I da presente orde. En todo caso, quedarán excluídos da obriga de cotizaren polo convenio especial respecto das contingencias de xubilación e morte e supervivencia e, conseguintemente, da acción protectora cuberta polo mesmo en relación con esas contingencias.

Artigo 14. *Convenio especial para os españois que teñan a condición de funcionarios ou empregados de organizacións internacionais intergubernamentais.*

A subscrición do convenio especial a que se refiren os reais decretos 2805/1979, do 7 de decembro; 1975/1982, do 24 de xullo; 317/1985, do 6 de febreiro, e 1658/1998, do 24 de xullo; rexeráse polo disposto no capítulo I desta orde, coas particularidades seguintes:

1. Poderán subscribir esta modalidade de convenio especial as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser español que teña a condición de empregado ou funcionario de organismos internacionais intergubernamentais con sede, oficina ou delegación en España.

A condición de funcionario ou empregado desas organizacións acreditarase mediante certificación expedida polo correspondente organismo, referendada polo Ministerio de Asuntos Exteriores.

b) Non residir en territorio nacional, salvo que se trate de españois residentes en España que presten ser-

vicios nas sedes centrais do Consello Oleícola Internacional, na Oficina de Educación Iberoamericana, na Axencia Espacial Europea, na Organización Mundial do Turismo, na Delegación en España do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados, no Centro Europeo de Satélites da Unión Europea Occidental ou no Cuartel Xeral Conxunto Subrexional Sudoeste da Organización do Tratado do Atlántico Norte con sede en España ou outro organismo internacional que se determine.

c) Non te-la condición de funcionario das administracións públicas españolas que dea lugar á inclusión nalgún réxime dos que integran o Sistema de Seguridade Social español.

2. A subscrición desta modalidade de convenio especial determina a afiliación ó Sistema de Seguridade Social e a situación de asimilada á de alta no réxime xeral da Seguridade Social, con limitación da cotización e a protección polas contingencias de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia derivadas de enfermidade común e accidente non laboral, así como dos servicios sociais que, se é o caso, teña establecidos a Seguridade Social.

Non obstante, os españois residentes en territorio nacional que poidan subscribir esta modalidade de convenio especial, que presten os seus servicios nas organizacións internacionais intergubernamentais con sede, oficinas de representación ou delegación en España e non teñan dereito á asistencia sanitaria, con carácter obrigatorio, en calquera réxime do Sistema da Seguridade Social, poderán solicita-la inclusión da asistencia sanitaria por contingencias comúns dentro do ámbito de protección deste convenio especial, ou a celebración dun convenio especial limitado unicamente ás prestacións de asistencia sanitaria, coa cotización correspondente, tanto para o interesado como para os seus familiares, nas condicións e coa amplitude establecida no réxime xeral para as contingencias comúns.

2.1 A base mensual de cotización será a que elixa o interesado entre as fixadas no número 2.1 do artigo 6 desta orde, coa particularidade de que a base elixida non poderá sufrir outras modificacións ata transcorridos tres anos desde a data da elección. Cumprido este prazo, poderán elixir outra base das establecidas no artigo 6, antes do 1 de outubro de cada ano, para que produza efectos o 1 de xaneiro seguinte.

2.2 O tipo de cotización aplicable será o vixente en cada momento no réxime xeral da Seguridade Social, con aplicación, á cota íntegra resultante, do coeficiente reductor que fixe o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais en cada exercicio.

SECCIÓN 3.^a CONVENIOS ESPECIAIS PARA EMIGRANTES E FILLOS DESTES E DE PENSIONISTAS DUN SISTEMA DE PREVISIÓN SOCIAL ESTRANXEIRO RESIDENTES EN ESPAÑA

Artigo 15. *Convenio especial para os emigrantes españois e fillos destes que traballen no estranxeiro.*

1. De conformidade co disposto no Real decreto 996/1986, do 25 de abril, polo que se regula a subscrición de convenio especial dos emigrantes e fillos de emigrantes, poderán solicitar e subscribir esta modalidade de convenio especial, co alcance que se determina no artigo 2 dese real decreto:

1.1 Os emigrantes españois e os fillos destes que posúan nacionalidade española, con independencia de que con anterioridade estivesen ou non afiliados á Seguridade Social española, e independentemente do país no que traballen e de que dese país teña ou non suscrito con España acordo ou convenio en materia de Seguridade Social.

1.2 Os emigrantes españois e os fillos destes que posúan nacionalidade española e sexa cal for o país no que traballen, no momento do seu retorno a territorio español, sempre que non se encontren incluídos obrigatoriamente nalgún réxime público de protección social en España.

2. A solicitude para subscribir esta modalidade de convenio especial poderase formular no prazo e nos lugares fixados no número 1 do artigo 3 desta orde, para efectos da súa tramitación, polo que respecta ós emigrantes e fillos destes que residan no país de inmigración, na Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social en Madrid e, polo que respecta ós emigrantes e fillos destes retornados a territorio español, na dirección provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou da súa Administración correspondente ó domicilio onde aqueles fixasen a súa residencia.

2.1 A proba da estadía e traballo no estranxeiro do emigrante poderase acreditar por calquera dos medios admitidos en dereito e, en especial, por medio de fotocopia compulsada pola consellería laboral e de asuntos sociais española ou polo consulado español do país de inmigración do permiso de traballo ou de estadía, expedidos polas autoridades correspondentes dese país.

2.2 O retorno a territorio español acreditarase mediante certificado que expida para o efecto a delegación ou subdelegación do goberno da provincia de residencia do interesado.

3. A subscrición desta modalidade de convenio especial determina a situación asimilada á de alta no réxime xeral respecto das continxencias de xubilación, así como incapacidade permanente ou morte e supervivencia debidas a calquera continxencia e producirá efectos en todo caso desde o día primeiro do mes seguinte ó da data de presentación da solicitude en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. A base mensual de cotización nesta modalidade de convenio especial será en tódolos casos a base mínima de cotización que, en cada momento, se achar establecida no réxime xeral da Seguridade Social, aplicándolle o tipo e as normas para a determinación da cota establecidas no artigo 7 da presente orde.

5. O prazo regulamentario de ingreso das cotas correspondentes será o establecido no número 2 do artigo 8 desta orde, salvo cando se trate de convenio especial suscrito polos emigrantes residentes no estranxeiro, caso en que se ingresarán por trimestres vencidos dentro do mes seguinte a cada trimestre natural.

6. Esta modalidade de convenio especial extinguirase polas causas establecidas no número 2 do artigo 10 desta orde, pero a causa prevista na súa alínea c) nesta modalidade de convenio estará referida, para os subscritores del que non residan en España, á falta de pagamento en prazo regulamentario das cotas correspondentes a dous trimestres consecutivos.

Artigo 16. *Convenio especial para a cobertura da asistencia sanitaria a emigrantes traballadores e pensionistas dun sistema de previsión social estranxeiro que retornen a territorio nacional e ós seus familiares.*

1. Esta modalidade de convenio especial ten como obxecto o outorgamento das prestacións de asistencia sanitaria, dentro do territorio español e na extensión establecida para ela polas continxencias comúns de accidente non laboral, enfermidade común, maternidade e risco durante o embarazo no réxime xeral da Seguridade Social.

As prestacións de asistencia sanitaria faranse extensivas ós tratamentos que foren precisos por consecuen-

cia de accidente de traballo ou enfermidade profesional caecidos no estranxeiro ó emigrante retornado ou desprazado titular do convenio.

2. Esta modalidade de convenio especial poderase solicitar e subscribir para as seguintes persoas:

2.1 Os españois que sexan pensionistas dun sistema de previsión social estranxeiro cando, ó trasladaren a súa residencia a España, non teñan dereito á asistencia sanitaria por conta e a cargo do país estranxeiro.

Tamén poderán solicitar ou subscribir este convenio especial os familiares dos españois pensionistas doutra Seguridade Social que estivesen incluídos como beneficiarios no convenio especial de asistencia sanitaria do causante no momento do falecemento deste.

Así mesmo, poderán solicitar e subscribir esta modalidade de convenio especial, en xeral, os traballadores españois retornados a España que, despois de teren desenvolvido as súas actividades laborais no estranxeiro, non tiveren dereito por título ningún ás prestacións de asistencia sanitaria de acordo coas disposicións da lexislación de Seguridade Social española, as do Estado de procedencia ou dos convenios establecidos para o efecto.

Tamén poderán subscribir os familiares de emigrantes españois que no momento de falecemento destes estiveren ó seu cargo e non tiveren dereito por outro título ás prestacións de asistencia sanitaria obxecto desta modalidade de convenio.

O solicitante deberá xuntar á solicitude os documentos que acrediten os feitos seguintes:

- a) Que ten a nacionalidade española.
- b) Que é titular dun seguro de pensións ou, se for o caso, de rendas ou de cantidades a tanto global substitutivas das anteriores exclusivamente en virtude de lexislación de previsión social ou de seguridade social distinta da española.
- c) A data de fixación da súa residencia habitual en España.
- d) A existencia, se for o caso, de familiares ó seu cargo que, conforme as normas do réxime xeral da Seguridade Social, poidan ser beneficiarios das prestacións de asistencia sanitaria.
- e) Cando o obxecto desta modalidade de convenio especial teña, ademais, por obxecto a inclusión das prestacións de asistencia sanitaria ós tratamentos precisos como consecuencia de continxencias profesionais ocorridas no estranxeiro ó titular do dereito, o interesado deberá acreditar que a pensión, renda ou cantidade a tanto global da que o causante é ou foi beneficiario ten ou tivo a súa causa nalgunha de tales continxencias.

2.2 Poderán tamén solicita-la subscrición desta modalidade de convenio especial os emigrantes españois e os seus familiares que sexan beneficiarios de prestacións derivadas dun seguro de pensións ou de rendas no país en que desenvolvesen a súa actividade, durante as súas estadías temporais en España, e que acrediten os demais feitos que se indican no anterior número 2.1 deste mesmo artigo.

Cando os familiares que soliciten e pretendan subscribi-lo convenio sexan varios, a solicitude deberá ser formulada e o convenio deberá ser suscrito conxuntamente por todos e cada un deles, respondendo solidariamente das obrigas que deriven del. Cando se trate de menores ou incapacitados, a solicitude e a subscrición será efectuada pola persoa que os represente e soamente poderán ser beneficiarios das prestacións derivadas do convenio os propios familiares que o subscriban, xa sexa por si mesmos ou a través da persoa que os represente.

3. A solicitude desta modalidade de convenio especial poderá ser formulada polo interesado en calquera

momento posterior á data de retorno ou desprazamento temporal ó territorio español ou ó traslado da súa residencia a España.

As solicitudes dos familiares que poidan subscribir este convenio especial poderanse formular desde o día seguinte ó da data de falecemento do causante, se aquel se produce en territorio español, ou desde a data de retorno a España dos seus familiares, se a defunción do emigrante ten lugar fóra do territorio español.

4. O convenio especial a que se refire este artigo producirá efectos a partir do día de presentación da solicitude correspondente.

5. O subscritor do convenio especial aboará a cota mensual fixada anualmente polo ministro de Traballo e Asuntos Sociais e que se ingresará no prazo sinalado no número 3.1 do artigo 66 da Orde do 26 de maio de 1999, coa particularidade de que, no convenio especial subscrito por emigrantes españois pensionistas ou perceptores de rendas e os seus familiares que se despracen temporalmente a España, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, ó tempo da subscrición do convenio, emitirá os documentos de cotización correspondentes a todo o período de permanencia en España e o suxeito obrigado realizará o ingreso desas cotas dunha soa vez e con carácter previo á entrega do documento polo que se lle recoñeza o dereito á asistencia sanitaria, aínda que os efectos da cobertura da dita prestación se produzan desde a data da solicitude do convenio.

Non obstante, a Tesourería Xeral da Seguridade Social poderá autorizar, logo de solicitude do interesado, o pagamento fraccionado mensual das cotas en supostos de estadias temporais de duración superior a tres meses. En tal caso, unha vez efectuado como mínimo o pagamento de tres mensualidades completas dunha soa vez, o aboamento do resto das cotas efectuarase dentro do mesmo mes a que corresponda a liquidación mediante o boletín de cotización antes indicado.

Artigo 17. *Convenio especial de asistencia sanitaria respecto de traballadores españois que realicen unha actividade por conta propia no estranxeiro.*

O convenio especial de asistencia sanitaria entre a Tesourería Xeral da Seguridade Social e os emigrantes españois no exterior que puidesen te-la consideración de traballadores por conta propia para efectos da súa inclusión nos réximes especiais de traballadores por conta propia ou autónomos, agrario e dos traballadores do mar do Sistema de Seguridade Social español, sempre que a súa actividade se realice nun país estranxeiro co que España non teña ratificado convenio internacional de Seguridade Social ou que, téndoo, ese convenio non regule ou non garanta debidamente a prestación de asistencia sanitaria ós referidos traballadores por conta propia no exterior, nos supostos de estadia dos traballadores e dos seus familiares en territorio español ou de residencia destes últimos no referido territorio, rexerase polo Real decreto 1564/1998, do 17 de xullo, polo que se regula este convenio especial e, no que non se ache previsto nel, polas normas do capítulo I desta orde.

SECCIÓN 4.^a OUTROS CONVENIOS ESPECIAIS RESPECTO DE DETERMINADOS TRABALLADORES

Artigo 18. *Convenio especial durante a situación de alta especial como consecuencia de folga legal ou feche patronal.*

1. Os traballadores que se encontren na situación de alta especial, prevista no Real decreto lei 17/1977, do 4 de marzo, e regulada pola Orde do Ministerio de Traballo do 30 de abril de 1977, poderán subscribir coa

Tesourería Xeral da Seguridade Social convenio especial que terá como obxecto completa-las bases de cotización correspondentes ás continxencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia, derivadas de enfermidade común e accidente non laboral, xubilación e servizos sociais durante o período de folga legal ou feche patronal legal.

2. Esta modalidade de convenio especial réxese polo disposto no capítulo I desta orde coas particularidades seguintes:

2.1 A base de cotización será a seguinte:

2.1.1 Nos casos de folga legal total ou feche patronal legal, a base diaria de cotización será a media das bases de cotización polas que viñese cotizando o traballador durante o mes anterior á data de inicio da folga total ou do feche patronal.

2.1.2 Nos supostos de folga legal parcial, a base diaria de cotización será a diferenza entre a base de cotización calculada conforme o número 2.1.1 anterior e a base pola que se cotice diariamente polo traballador durante a situación de folga legal parcial.

2.2 O efecto da subscrición deste convenio especial será a de alta especial, respecto do conxunto da acción protectora do réxime de que se trate, de conformidade co previsto no artigo 2 da citada Orde do 30 de abril de 1977.

Artigo 19. *Convenio especial durante as situacións de permanencia en alta sen retribución, cumprimento de deberes públicos, permisos e licencias.*

1. Poderán subscribir esta modalidade de convenio especial os traballadores que se encontren en situación de alta sen retribucións, cumprimento de deberes de carácter público, permisos e licencias que non dean lugar a excedencia no traballo, nas que, conforme o establecido no artigo 69 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro, se manteña a obriga de cotizar, se a base de cotización do mes natural anterior á data de iniciación de tales situacións for superior á base mínima correspondente ó grupo da categoría profesional do traballador.

2. A base de cotización nesta modalidade de convenio estará constituída pola diferenza entre a base de cotización do interesado no mes anterior á data de inicio destas situacións e a base mínima correspondente ó grupo da categoría profesional do traballador.

3. A subscrición deste convenio especial determinará a situación de alta respecto do conxunto da acción protectora do réxime en que figure incluído o dito traballador ou asimilado.

Artigo 20. *Convenio especial de empresarios e traballadores suxeitos a expedientes de regulación de emprego que inclúan traballadores con 55 ou máis anos.*

O convenio especial celebrado en relación cos expedientes de regulación de emprego con empresas non incursas en procedemento concursal que inclúan traballadores con 55 ou máis anos de idade que non tiveren a condición de mutualistas o 1 de xaneiro de 1967, ó que se refire o número 15 do artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, rexerase polo establecido na disposición adicional trixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social,

así como polas disposicións contidas no capítulo I desta orde, coas particularidades seguintes:

1. A solicitude desta modalidade de convenio especial deberase formular durante a tramitación do expediente de regulación de emprego.

O convenio especial será subscrito polo empresario e o traballador, por un lado, e a Tesourería Xeral da Seguridade Social, por outro.

2. As cotas correspondentes a estes convenios especiais, determinadas conforme o disposto no número 2 da indicada disposición adicional trixésimo primeira, serán obxecto de totalización pola Tesourería Xeral da Seguridade Social respecto de cada traballador ata que este cumpra 61 anos de idade e por tódalas continxencias incluídas na acción protectora do convenio especial.

As cotizacións a que se refire o parágrafo anterior serán a cargo exclusivo do empresario, que poderá optar, respecto de tódolos traballadores, por realizar un pagamento único daquelas, e neste caso deberao manifestar por escrito á Tesourería Xeral da Seguridade Social e efectualo seu ingreso nesta dentro do mes seguinte ó da notificación por parte do dito servicio común da cantidade a ingresar, ou por solicitar da Tesourería Xeral da Seguridade Social o fraccionamento do seu pagamento en tantas anualidades como anos lle falten ó traballador ou traballadores para cumprilos 61 anos de idade, cun máximo de seis anos. Neste caso, o ingreso da primeira anualidade deberase realizar no prazo de trinta días naturais a partir da notificación da cantidade a ingresar, presentando no mesmo prazo, para responder das cotizacións pendentes, ben aval solidario suficiente a xuízo da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou ben substituíndo, co consentimento do dito servicio común, a responsabilidade do empresario pola dunha entidade financeira ou unha entidade aseguradora.

2.1 O aval presentarase durante a tramitación do expediente de regulación de emprego e deberá ter validez desde a data en que se produza o cesamento no traballo ou, se for o caso, en que cese a obriga de cotizar por extinción da prestación por desemprego contributivo e ata, polo menos, un ano despois do vencemento da anualidade ou anualidades que garante.

O dito aval axustarase ó modelo que se xunta como anexo 1 e poderá ser presentado por:

a) Unha entidade financeira inscrita no rexistro oficial de bancos ou banqueiros ou cooperativa de crédito inscrita no rexistro especial do Banco de España. Para que poidan ser aceptados estes avais será necesario:

a') Que as sinaturas dos outorgantes do aval estean lexitimadas ou o documento intervido por notario colexiado.

b') Que conste no aval o seu número de inscrición no rexistro especial de avais.

c') Que se xunte copia, previamente cotexada co orixinal, dos poderes das persoas asinantes do aval.

b) Unha compañía de seguros debidamente autorizada polo Ministerio de Facenda para operar neste ramo de caución. Para que poidan ser aceptados estes avais será necesario:

a') Que as sinaturas dos outorgantes estean lexitimadas ou intervido o documento por notario.

b') Que conste o número de inscrición no rexistro especial de avais e o número de póliza á que corresponde.

c') Que se xunte copia das condicións xerais e particulares da póliza subscrita polo avalado coa compañía avalista.

c) Unha sociedade de garantía recíproca. Se o aval for prestado por este tipo de sociedade deberanse cum-

pri-los requisitos establecidos na Lei 1/1994, do 11 de marzo, e normas complementarias, sobre o réxime xurídico das sociedades de garantía recíproca, xuntando certificado expedido polo secretario do consello de administración, co visto e prace do seu presidente, no que se acredite a cantidade avalada e que a sociedade reúne tódolos requisitos esixidos pola Lei 1/1994, do 11 de marzo, debendo esta certificación ter lexitimadas as sinaturas por notario.

2.2 A entidade financeira ou aseguradora que pode substituí-lo empresario no cumprimento das obrigas daquel debe ser unha entidade financeira inscrita no rexistro oficial de bancos ou banqueiros ou unha cooperativa de crédito inscrita no rexistro especial do Banco de España ou unha entidade aseguradora debidamente autorizada polo Ministerio de Facenda para operar no ramo correspondente.

2.3 O prazo para o ingreso das anualidades fraccionadas distintas da primeira será o dos trinta días naturais inmediatamente anteriores á iniciación da anualidade de que se trate.

En todo caso estes pagamentos fraccionados deberán ser obxecto de domiciliación nalgunha das entidades financeiras habilitadas para actuar como oficinas recadadoras nos termos establecidos no Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social e nas súas normas de desenvolvemento.

3. A base de cotización aplicada respecto de cada traballador nesta modalidade de convenio especial poderá ser incrementada en cada exercicio a partir do cumprimento dos 61 anos, nos termos establecidos nos números 2.2 a 2.5 do artigo 6 desta orde.

4. Nos supostos en que proceda o reintegro ó empresario de cotizacións aboadas por el conforme o establecido na disposición adicional trixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, a Tesourería Xeral da Seguridade Social procederá á regularización das cotas ingresadas que correspondan ó período posterior á data do falecemento do traballador, á data de efectos da incapacidade permanente ou, se é o caso, sexan coincidentes coas efectuadas pola realización de actividades en virtude das cales se efectúen cotizacións a algún réxime do Sistema de Seguridade Social e ata as contías correspondentes a estas últimas, devolvendo ó empresario as aboadas que correspondan ós períodos posteriores a tales feitos, sen prexuízo, se é o caso, do previsto no artigo 10 desta orde.

Estas regularizacións producirán o xuro do Banco Central Europeo vixente na data en que se produza o feito causante do reintegro, calculado desde a data do ingreso da cantidade non consumida obxecto de devolución ata a proposta de pagamento pero non darán dereito ó cobramento do custo dos avais ou das substitucións da empresa debedora e para o seu pagamento a Tesourería Xeral poderá aplica-lo procedemento de deducción nos termos previstos nos artigos 48 e 49 da Orde do 26 de maio de 1999 pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación dos recursos do sistema da Seguridade Social.

Artigo 21. Convenios especiais de traballadores que reduzan a xornada por coidado de menor, minusválido ou familiar.

Os traballadores por conta allea ou asimilados que, conforme os números 5 e 4.bis do artigo 37 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, ou a lexislación específica que regule a súa prestación de servicios e en razón do coidado directo dun menor de seis anos, dun minusválido físico, psíquico ou sensorial, ou dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, acci-

dente ou enfermidade non se poida valer por si mesmo, ou nos casos de nacemento de fillos prematuros ou que por calquera causa deban permanecer hospitalizados despois do parto, reduzan a súa xornada de traballo, coa diminución proporcional do salario, poderán subscribi-la modalidade de convenio especial que se regula neste artigo, a fin de mante-las bases de cotización nas contías polas que viñan cotizando con anterioridade á redución da xornada, coas particularidades seguintes:

a) A base mensual de cotización estará constituída pola diferenza entre as bases correspondentes á redución de xornada e a de calquera das bases elixida polo interesado de entre as sinaladas no número 2.1 do artigo 6 da presente orde, pero referido o cómputo previsto nas súas alíneas a) e b), respectivamente, ós vintecatro ou ós doce meses anteriores ó inicio da situación de xornada reducida ou, se for o caso, á data en que se extingue a obriga de cotizar.

b) A cotización a completar nesta modalidade de convenio especial será a correspondente ás situacións e continxencias de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia, derivadas de enfermidade común ou accidente non laboral, no réxime da Seguridade Social en que se subscriba o convenio.

c) Os traballadores que subscriban o convenio especial serán considerados en situación de alta, para efectos do conxunto da acción protectora do réxime de Seguridade Social correspondente.

Artigo 22. *Convenio especial de traballadores contratados a tempo parcial.*

1. Os traballadores contratados a tempo parcial que non estean percibindo prestacións de desemprego poderán subscribir convenio especial para completa-la cotización derivada do contrato a tempo parcial ata a base mínima de cotización establecida con carácter xeral para a súa categoría profesional ou ata a base a que se refire a alínea b) do número 2.1 do artigo 6 desta orde se for superior.

2. A base mensual de cotización estará constituída pola diferenza entre a base de cotización polo contrato a tempo parcial e, a opción do interesado, a base a que se refiren as alíneas b) e c) do número 2.1 do artigo 6.

A base fixada no convenio será mantida ata a finalización do ano en que se subscriba o convenio cando se modificar durante este a base de cotización polo contrato a tempo parcial, salvo vontade expresa en contrario do interesado.

3. A cotización a completar na modalidade de convenio especial regulada neste artigo será a correspondente ás situacións de xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia, derivadas de enfermidade común ou accidente non laboral, no réxime da Seguridade Social en que se subscriba o convenio.

4. Os traballadores que subscriban esta modalidade de convenio especial serán considerados en situación de alta, para efectos do conxunto da acción protectora do réxime de Seguridade Social correspondente.

Artigo 23. *Convenio especial para traballadores que cesen nas prestacións de servicios ou actividades.*

1. Cando o traballador ou asimilado preste os seus servicios a dous ou máis empresarios en situación de pluriemprego, sexa en réxime de contratación a tempo completo ou sexa a tempo parcial, perciba ou non a prestación ou subsidio por desemprego, e se extinga algún ou tódolos seus contratos de traballo ou cando preste os seus servicios en situación de pluriactividade e cese nalgunha ou tódalas actividades que deron lugar á súa inclusión obrigatoria en dous ou máis réximes do

Sistema de Seguridade Social, xa sexa en forma simultánea ou sucesiva, aquel poderá subscribir convenio especial co obxecto de mante-la mesma ou mesmas bases de cotización polas que viña cotizando en situación de pluriemprego ou pluriactividade, coas particularidades seguintes:

1.1 Para a subscrición desta modalidade de convenio especial será necesario acreditar un período específico de cotización previa de, polo menos, 1.080 días na respectiva situación de pluriemprego ou de pluriactividade.

1.2 Nesta modalidade de convenio especial a base mensual de cotización estará constituída pola mesma base ou bases de cotización que o traballador ou asimilado tiver no mes natural anterior ó cesamento en tódalas empresas ou actividades, ou soamente pola diferenza que resulte da nova distribución das bases se a nova base for inferior á anterior á subscrición do convenio, nos casos de cesamento da prestación de servicios a algunha ou algunhas desas empresas ou nalgunha ou algunhas das actividades que sigan dando lugar á situación de pluriemprego ou pluriactividade.

1.3 Os subscritores desta modalidade de convenio especial serán considerados en situación de alta para efectos do conxunto da acción protectora no réxime ou nos réximes do Sistema de Seguridade Social en que se subscribise o convenio especial.

2. O traballador ou asimilado a que se refire a alínea 2.d) do artigo 2 desta orde poderá subscribir convenio especial coa particularidade de que a base de cotización non poderá ser superior á diferenza entre a base de cotización en razón da súa nova actividade e a media das bases cotizadas durante os doce meses anteriores ó cesamento.

Será, así mesmo, aplicable a esta modalidade de convenio especial o previsto nos números 1.1 e 1.3 deste artigo.

3. No non previsto nos números anteriores, serán aplicables as normas do capítulo I desta orde.

Artigo 24. *Convenio especial de traballadores perceptores do subsidio de desemprego, con dereito a cotización pola continxencia de xubilación.*

1. Os traballadores perceptores do subsidio de desemprego, con dereito a cotización pola continxencia de xubilación, maiores de 52 anos, poderán subscribir convenio especial conforme o disposto no capítulo I da presente orde, coas particularidades que se indican nos números seguintes:

1.1 Para determina-la cotización ó convenio especial aplicaranse as seguintes regras:

1.^a Para as continxencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia, derivadas de enfermidade común e accidente non laboral, a cota a ingresar será o resultado de aplicar á cota íntegra, calculada conforme a base e tipo previstos nos números 2.1 do artigo 6 e 1 do artigo 7, o coeficiente reductor correspondente ás continxencias citadas fixado polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

2.^a Para a continxencia de xubilación, a base de cotización ó convenio especial estará constituída pola diferenza entre a base de cotización elixida polo interesado segundo o previsto na regra anterior e aquela pola que cotice, en cada momento, o Instituto Nacional de Emprego. A cota íntegra resultante aplicaráselle o coeficiente reductor correspondente á continxencia de xubilación fixado para o efecto polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

3.^a A suma das cotas que resulten do disposto nas dúas regras anteriores constituirá o importe total da cota a ingresar nesta modalidade de convenio especial.

1.2 O convenio especial producirá efectos na data en que naza o dereito ó subsidio de desemprego, salvo que o interesado opte por que os efectos do convenio se inicien na data de presentación da solicitude deste.

1.3 Se un traballador que subscribise o convenio especial regulado no capítulo I tivese posteriormente dereito ó subsidio de desemprego, con cotización pola continxencia de xubilación, poderá solicita-la subscrición do convenio especial regulado neste artigo.

1.4 En caso de suspensión da situación de desemprego asistencial, por algunha das causas previstas na súa normativa reguladora, suspenderase, así mesmo, a situación de convenio especial. Os interesados poderán solicita-la subscrición do convenio especial regulado no capítulo I que producirá efectos desde o día seguinte ó da suspensión pero, se o solicitar fóra dos noventa días naturais seguintes, o convenio producirá efectos desde a data de presentación da solicitude.

Finalizada a suspensión do percibo do subsidio de desemprego, o interesado poderá reinicia-la efectividade do convenio nos termos previstos no artigo 10.1 desta orde.

1.5 As persoas que, tendo subscrito a modalidade de convenio especial previsto neste artigo, vexan extinguido o seu dereito ó subsidio de desemprego con cotización pola continxencia de xubilación, poderán solicita-la subscrición do convenio especial previsto no capítulo I, en calquera momento. Se o solicitasen dentro do prazo de noventa días naturais contados desde a data en que a citada extinción tivese efectos ou ben desde a data en que a resolución administrativa ou sentenza xudicial adquirise firmeza, o convenio especial producirá efectos desde o día en que se extingue o subsidio de desemprego, salvo que o interesado opte porque o convenio especial teña efectos na data de presentación da solicitude ou data de efectos así mesmo aplicable cando a solicitude se formule fóra do prazo indicado dos noventa días naturais.

2. O disposto no número 1 anterior é aplicable ós traballadores fixos descontinuos que sexan perceptores do subsidio de desemprego con dereito a cotización á Seguridade Social pola continxencia de xubilación durante sesenta días, de acordo co número 3 do artigo 218 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

SECCIÓN 5.^a CONVENIOS ESPECIAIS DE TRABALLADORES INCLUÍDOS NO RÉXIME ESPECIAL DA MINERÍA DO CARBÓN, PARA OS TRABALLADORES DE TEMPORADA E NOS SISTEMAS ESPECIAIS REGULADOS POLA ORDE DO 25 DE XANEIRO DE 1996 E NO RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

Artigo 25. *Convenio especial para os traballadores incluídos no réxime especial da minería do carbón.*

O convenio especial, subscrito polos incluídos no réxime especial da minería do carbón, rexerá polo disposto no capítulo I desta orde, coas particularidades na cotización que se determinan nos números seguintes:

1. Nos supostos de categorías ou especialidades profesionais que teñan fixada base normalizada de cotización no momento de subscrición do convenio especial, a cotización suxeitarase ás seguintes regras:

1.^a A base inicial de cotización correspondente ó convenio especial será a base normalizada vixente no momento da subscrición do convenio para a categoría ou especialidade profesional a que pertencía o traballador. As sucesivas bases de cotización serán equiva-

lentes ás bases normalizadas que, en cada exercicio económico, se fixen para a respectiva categoría ou especialidade profesional.

2.^a Se a base normalizada da categoría ou especialidade profesional de que se trate tivese, no exercicio económico correspondente, un importe inferior á base do convenio especial, esta permanecerá inalterable ata que a base normalizada que se fixe sexa dunha contía igual ou superior á do convenio especial.

3.^a No suposto de que desapareza a categoría ou especialidade profesional a que pertencía, no seu momento, o traballador que subscribiu o convenio especial, a base de cotización poderá ser actualizada nos termos establecidos no número 2.7 do artigo 6, pero podéndose incrementa-la dita base, como máximo, na porcentaxe de variación da base mínima de cotización por convenio especial.

A partir do momento en que se volva a fixa-la base normalizada de cotización para a categoría ou especialidade profesional correspondente, ó crearse de novo, a base de cotización no convenio especial será esta base normalizada, sen prexuízo do sinalado na regra 2.^a

2. Nos supostos de categorías ou especialidades profesionais de nova creación, que non teñen fixada base normalizada no momento da subscrición do convenio especial, a base de cotización nese momento será a que resulte de aplica-la establecida na alínea 2.1.b) do artigo 6 desta orde pero esa base inicial así determinada será substituída posteriormente pola base normalizada que, para a categoría ou especialidade profesional, fixe o Ministro de Traballo e Asuntos Sociais.

Artigo 26. *Convenios especiais para os traballadores de temporada en períodos de inactividade e para os comprendidos nos sistemas especiais de froitas e hortalizas e conservas vexetais do réxime xeral da Seguridade Social.*

1. Poderán subscribir convenio especial coa Seguridade Social os traballadores por conta allea incluídos nalgún dos réximes do sistema polo exercicio de traballos de temporada levados a cabo nunha actividade que teña ese carácter, polo período que medie entre dúas temporadas consecutivas, cando teñan traballado, con ingreso das correspondentes cotas, como tales traballadores de temporada, polo menos, durante tres anos dentro dos sete inmediatamente anteriores á data do cesamento no traballo de temporada.

2. Así mesmo, poderán subscribir convenio especial coa Seguridade Social os traballadores de temporada que presten servizos en empresas dedicadas ás actividades de manipulación, envasado e comercialización de froitas e hortalizas e de fabricación de conservas vexetais, incluídos nos sistemas especiais de froitas e hortalizas e de conservas vexetais do réxime xeral da Seguridade Social, que causen baixa no mesmo e non queden comprendidos en calquera réxime do Sistema da Seguridade Social que teña establecido con aquel cómputo recíproco de cotas.

2.1 Para subscribir esta modalidade de convenio especial será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

2.1.1 Solicitalo ante a dirección provincial da Tesorería Xeral da Seguridade Social ou da súa Administración correspondente, dentro do mes natural seguinte a aquel no que se produciu o cesamento no traballo de temporada de que se trate, o esgotamento da prestación económica do nivel contributivo por desemprego ou o transcurso do período de sesenta días de subsidio de desemprego de traballadores fixos descontinuos con

dereito a cotización á Seguridade Social pola continxencia de xubilación.

2.1.2 Acreditar cotizacións como traballador de temporada, polo menos, durante tres campañas completas durante os sete anos anteriores á data do cesamento no traballo ou do esgotamento de prestacións por desemprego a que se refire o parágrafo anterior.

2.2 A data de efectos desta modalidade de convenio especial será a do día natural seguinte a aquel en que producise efectos a baixa no réxime xeral da Seguridade Social ou a extinción do dereito ás prestacións por desemprego.

2.3 A cotización polo convenio especial será obrigatoria desde a data de efectos do convenio e mentres se manteña a súa vixencia.

A base mensual de cotización neste convenio especial corresponderase coa base mínima de cotización por continxencias comúns vixente en cada momento no réxime xeral da Seguridade Social.

2.4 O prazo de ingreso das cotas relativas a esta modalidade de convenio especial será o do segundo mes natural seguinte a aquel a que corresponda o seu devengo.

3. Estas modalidades de convenio especial quedarán suspendidas durante os períodos de actividade dos traballadores de temporada que poden subscribi-lo, aplicándose, no non establecido nos números precedentes, o disposto no capítulo I desta orde.

Artigo 27. Convenio especial para deportistas de alto nivel.

1. Os deportistas de alto nivel maiores de dezaioito anos que, en razón da súa actividade deportiva ou de calquera outra actividade profesional que realicen, non estean xa incluídos en calquera dos réximes do Sistema da Seguridade Social, poderán solicitar a súa inclusión no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos mediante a subscrición dun convenio especial coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

2. Este convenio especial suxeitarase ás particularidades establecidas no Real decreto 1467/1997, do 19 de setembro, sobre deportistas profesionais e, no seu defecto, aplicarase o disposto no capítulo I desta orde.

Disposición adicional primeira. *Exclusión dos réximes de funcionarios públicos.*

A presente orde non será de aplicación ós réximes especiais dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e do persoal ó servizo da Administración de Xustiza.

Disposición adicional segunda. *Prazo de subscrición do convenio especial por españois que tiveren a condición de funcionarios ou empregados de organizacións internacionais despois do 1 de febreiro de 1997.*

Os españois que adquirisen a condición de funcionario ou empregado de organizacións internacionais intergubernamentais entre o 1 de febreiro de 1997 e a data de entrada en vigor da presente orde e que non tiveren suscrito o convenio especial regulado no Real decreto 2805/1979, do 7 de decembro, dentro do prazo dos seis meses seguintes á adquisición da súa condición de funcionario ou empregado de tales organizacións, poderán subscribi-lo convenio dentro do prazo de seis meses, a partir do día 1 do mes seguinte ó da publicación da presente orde no Boletín Oficial del Estado, para que

produza efectos, a opción do solicitante, ben desde que adquiriron aquela condición de funcionarios ou empregados de organizacións internacionais intergubernamentais ou ben desde o día seguinte á presentación da solicitude.

Disposición adicional terceira. *Convenio especial de asistencia sanitaria para pensionistas de nacionalidade suíza residentes en España.*

Os beneficiarios de pensións previstas pola lexislación federal suíza de Seguridade Social desta última nacionalidade que residan en España, poderán subscribi-lo convenio especial para a cobertura da asistencia sanitaria regulado no artigo 16 da presente orde, de conformidade co disposto no punto 17 do Protocolo Final do Convenio de Seguridade Social entre España e Suíza do 13 de outubro de 1969.

Disposición adicional cuarta. *Delegación de competencias no Instituto Social da Mariña.*

Co obxecto de manter a necesaria coordinación respecto do sector marítimo-pesqueiro polas especialidades que concorren nel, o Instituto Social da Mariña tramitará e formalizará, por delegación da Tesourería Xeral da Seguridade Social, os convenios especiais con traballadores e asimilados incluídos no réxime especial da seguridade social dos traballadores do mar nos termos establecidos nesta orde.

Disposición transitoria. *Vixencia de convenios anteriores.*

Os convenios especiais subscritos con anterioridade á entrada en vigor desta orde seguirán rexéndose pola normativa anterior que lles sexa de aplicación. Non obstante, os subscritores poderán optar por substituílos por algún dos regulados nesta orde, sempre que reúnan os requisitos establecidos nela.

Disposición derogatoria.

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

— A Orde ministerial do 23 de marzo de 1971, pola que se declara situación asimilable á de alta no réxime xeral da Seguridade Social a constituída polos períodos de inactividade entre os traballos de temporada.

— A Orde ministerial do 7 de marzo de 1978, pola que se dictan normas para a aplicación en materia de seguridade social dos regulamentos provisorios do Congreso dos Deputados e do Senado.

— A Orde ministerial do 14 de febreiro de 1980, pola que se dictan normas de aplicación e desenvolvemento do Real decreto 2805/1979, do 7 de decembro, sobre inclusión no campo de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social dos españois non residentes en territorio nacional que teñan a condición de funcionarios ou empregados de organizacións internacionais intergubernamentais.

— A Orde ministerial do 5 de maio de 1980, sobre asistencia sanitaria ós españois pensionistas da Seguridade Social de Suíza que trasladen a súa residencia a España.

— A Orde ministerial do 18 de febreiro de 1981, pola que se establece convenio de asistencia sanitaria no réxime xeral da Seguridade Social a favor dos españois emigrantes que retornan ó territorio español.

— A Orde ministerial do 29 de xullo de 1982, pola que se regula a subscrición de convenio especial de seguridade social entre as Cortes Xerais e o Instituto

Nacional da Seguridade Social e se modifica a Orde do 7 de marzo de 1978 e as normas dictadas para a súa aplicación e desenvolvemento no que respecta ós parlamentarios que con anterioridade tivesen estado afiliados ó réxime xeral da Seguridade Social, en canto se opoña ó disposto na presente orde, con excepción do artigo 7 da primeira que continuará en vigor.

— A Orde ministerial do 28 de xullo de 1987, pola que se desenvolve o Real decreto 996/1986, do 25 de abril, regulador do convenio especial dos emigrantes e fillos de emigrantes.

— A Orde ministerial do 1 de xuño de 1988, pola que se autoriza a Tesourería Xeral da Seguridade Social para subscribir coas Cortes Xerais un convenio especial con obxecto de incluír no campo de aplicación do réxime xeral da Seguridade Social os españois que teñan a condición de deputados do Parlamento Europeo.

— A Orde ministerial do 18 de xullo de 1991 pola que se regula o convenio especial no Sistema da Seguridade Social.

— A Orde ministerial do 4 de agosto de 1992, sobre regulación do convenio especial dos traballadores fixos discontinuos perceptores do subsidio de desemprego con dereito á cotización á Seguridade Social pola continxencia de xubilación.

— A Orde ministerial do 17 de maio de 1994, pola que se declaran comprendidos no Real decreto 2805/1979, do 7 de decembro, os españois residentes en España que presten servicios para a Axencia Espacial Europea e se abre un novo prazo especial para a subscripción do convenio especial coa Seguridade Social polos funcionarios da Organización de Estados Iberoamericanos para a Ciencia, a Educación e a Cultura, a que se refire o Real decreto 317/1985, do 6 de febreiro.

— A Orde ministerial do 25 de xaneiro de 1996, pola que se regula a subscripción de convenio especial por parte dos traballadores de temporada comprendidos nos sistemas especiais de froitas e hortalizas e conservas vexetais do réxime xeral da Seguridade Social.

— A Orde ministerial do 22 de decembro de 1997, pola que se declaran comprendidos no Real decreto 2805/1979, do 7 de decembro, os españois residentes en España que presten servicio na Delegación en España do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados.

— A Orde ministerial do 8 de xuño de 1999, de desenvolvemento do Real decreto 1658/1998, do 24 de xullo,

pola que se regula o convenio especial en materia de asistencia sanitaria no réxime xeral da Seguridade Social a favor de españois residentes en territorio nacional que teñan a condición de funcionarios ou empregados de organizacións internacionais intergubernamentais.

— A Orde ministerial do 14 de xaneiro de 2000, sobre supresión do prazo para a subscripción do convenio especial de Seguridade Social dos emigrantes e fillos de emigrantes, regulado polo Real decreto 996/1986, do 25 de abril.

— A Orde TAS/1817/2002, do 8 de xullo, pola que se declaran comprendidos no ámbito de aplicación do Real decreto 2805/1979, do 7 de decembro, os españois residentes en España que prestan servicios no Cuartel Xeral Conxunto Subrexional Sudoeste da Organización do Tratado do Atlántico Norte.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

1. Apróbase o modelo, que se xunta como anexo II, de convenio especial de empresarios e traballadores suxeitos a expediente de regulación de emprego que inclúan traballadores con 55 ou máis anos e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

2. Facúltase a Dirección Xeral da Tesourería Xeral da Seguridade Social para aprobar e, se é o caso, modifica-los modelos a que deban axustarse os distintos tipos de convenio especial regulados nesta orde, con suxeición en todo caso ó disposto nela.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día 1 do sexto mes seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, salvo o disposto no artigo 20, que entrará en vigor o día seguinte ó da dita publicación.

Madrid, 13 de outubro de 2003.

ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

Excmo. Sr. Secretario de Estado da Seguridade Social.

ANEXO I**CONVENIO ESPECIAL DE EMPRESARIOS E TRABALLADORES
SUXEITOS A EXPEDIENTES DE REGULACIÓN E EMPREGO**

A entidade _____, e no seu nome _____, con poderes suficientes para se obrigar neste acto segundo resulta da escritura de poderes outorgada na data do _____ de _____, perante o notario de _____, co número _____ do seu protocolo, avala con carácter solidario a empresa _____ de _____ co número _____ de código de conta de cotización á Seguridade Social, perante a Tesourería Xeral da Seguridade Social de _____ e a favor dela, ata a cantidade de _____ euros (_____ en letra _____ euros), en concepto de garantía especial para responder das cotizacións á Seguridade Social asumidas pola dita empresa en relación cos seus traballadores, suxeitos ó expediente de regulación de emprego nº _____ aprobado por resolución da autoridade laboral competente _____ para o financiamento do convenio especial previsto no número 15 do artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, e na disposición adicional trixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Este aval, que se formaliza con renuncia expresa ós beneficios de excusión e división, terá validez desde _____ ata _____ (deberase pór como data un ano despois do vencemento da anualidade que se garante) figurando inscrito no Rexistro Especial de Avais co número _____ con data _____ de _____ de 200_____.

ANEXO II**CONVENIO ESPECIAL DE EMPRESARIOS E TRABALLADORES
SUXEITOS A EXPEDIENTES DE REGULACIÓN DE EMPREGO**

En _____, con data _____

REUNIDOS

Dunha parte, D./D.^a _____, con documento nacional de identidade núm. _____ e domiciliado/a en _____, r/ _____, na súa condición de representantes debidamente acreditado da empresa _____ domiciliada en _____ r/ _____ con CIF (NIF) _____, suxeita a expediente de regulación de emprego núm. _____, aprobado por (a autoridade laboral correspondente) e non incura en procedemento concursal, así como D./D.^a _____, con documento nacional de identidade núm. _____, nacido/a o _____, con domicilio en _____, r/ _____, afiliado/a á Seguridade Social co núm. _____ e incluído/a no réxime (xeral ou especial que corresponda), como traballador/a da dita empresa afectado/a polo citado expediente de regulación de emprego e ó (á) que en virtude deste se lle extinguiu a súa relación laboral con data _____.

E da outra parte, D./D.^a _____, na súa condición de _____ (especifica-lo cargo) da Dirección Provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social de _____.

EXPOÑEN

- I. Que tanto a citada empresa como o a dito/a traballador/a acreditan reunir tódolos requisitos e condicións para subscribiren o convenio especial coa Seguridade Social no marco dos expedientes de regulación de emprego a que se refire o artigo 51.15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o réxime xurídico do cal se regula na disposición adicional trixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social así como na Orde do _____.
- II. Que, en consecuencia e consonte a vontade así expresada pola dita empresa e traballador/a, resulta procedente a subscrición do referido convenio especial coa Seguridade Social nos termos que se especifican nas cláusulas que se expoñen a seguir:

Na súa virtude, as partes antes citadas outorgan este convenio especial coa Seguridade Social no marco de expedientes de regulación de emprego, conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. A partir da data de iniciación dos efectos da subscrición deste convenio especial, fixada na cláusula oitava, D./D.^a _____ (traballador/a a favor do/da cal se subscribe o convenio) será considerado/a en situación asimilada á de alta no réxime (xeral ou especial correspondente da Seguridade Social) e ata a extinción do convenio por calquera das causas establecidas pola normativa vixente ó respecto e que máis adiante se detallan na cláusula sétima.

Segunda. A cota mensual correspondente ó presente convenio especial queda fixada en _____ euros resultado de aplicar á media das bases de cotización do/da traballador/a de que se trata nos últimos seis meses de ocupación cotizada (_____ euros) o tipo único de cotización e coeficientes previstos no artigo 7 da Orde do _____, en función da acción protectora dispensada polo convenio, e que actualmente son o _____ % e o _____, respectivamente, todo isto de acordo co establecido no número 2 da disposición adicional trixésimo primeira do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e artigo 20 da Orde do _____.

Conforme o dito número 2 desa disposición adicional trixésimo primeira, procede/non procede que da cantidade resultante como cota íntegra se deduza a cotización a cargo do INEM e correspondente ó período en que o/a traballador/a tiver dereito ó percibo do subsidio de desemprego, calculando esa cotización en función da base e tipo aplicables na data de subscrición do convenio especial, o que dá lugar a que durante ese período a cota por este convenio quede fixada en euros.

Terceira. O importe totalizado das cotas do presente convenio especial desde a súa data de efectos ata o _____, día anterior ó cumprimento dos 61 anos de idade do (da) traballador/a de que se trata, ascende a _____ euros, sendo tal importe a cargo exclusivo da citada empresa _____, que deberá efectua-lo seu pagamento por calquera das modalidades seguintes, de acordo co artigo 20 da Orde do _____.

- Dunha soa vez, aboando o indicado importe total das cotas ó seu cargo dentro do mes seguinte ó da data de subscrición deste convenio especial.
- De forma fraccionada, en tantas anualidades como anos lle faltan ó traballador/a de que se trata para cumpri-los 61 anos de idade e, concretamente, en _____ anualidades, por un importe cada unha delas de _____ euros.

A ese respecto, o ingreso da primeira anualidade débese realizar no prazo de 30 días naturais a partir da data de subscrición deste convenio, debendo presenta-la empresa nese mesmo prazo, para responder do importe das anualidades pendentes, aval solidario suficiente nos termos e condicións sinalados no citado artigo 20 da Orde do _____.

O prazo para o ingreso destas anualidades fraccionadas distintas da primeira será o dos 30 días naturais inmediatamente anteriores á iniciación da anualidade de que se trate.

A empresa substitúe/non substitúe o cumprimento da súa obriga de pagamento do importe total das cotas ó seu cargo polo da entidade financeira ou aseguradora _____.

Para estes efectos, a empresa presentará a documentación correspondente ó respecto, xustificativa desa substitución da súa obriga de pagamento pola da correspondente entidade financeira ou aseguradora, nos termos establecidos, substitución á que a Tesourería Xeral da Seguridade Social presta o seu consentimento neste acto.

Cuarta. Nos supostos de falecemento do/da traballador/a a que se refire o convenio, de recoñecemento a este/a esta de pensión de incapacidade permanente ou de realización por el/ela de actividades en virtude das cales se efectúen cotizacións ó Sistema da Seguridade Social, reintegraráselle á empresa, logo da correspondente regularización por esta Tesourería Xeral, as cotas que, se for o caso, se tivesen aboado ó seu cargo por este convenio relativas ó período posterior á data en que tivese lugar o falecemento ou á data de efectos da incapacidade permanente ou as coincidentes coas efectuadas pola realización das actividades antes citadas e ata as contías destas últimas.

Nestes casos, tales regularizacións e reintegros a favor da empresa non lle darán dereito ó cobramento de xuros nin á devolución do custo dos avais constituídos ou das substitucións efectuadas ó respecto a través de entidade financeira e aseguradora, podendo a Tesourería Xeral da Seguridade Social aplicar para o pagamento deses reintegros o procedemento de deducción nos termos previstos nos artigos 48 e 49 da Orde do 26 de maio de 1999, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación dos recursos do Sistema da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1637/1995, do 6 de outubro, todo isto conforme o establecido no xa citado artigo 20 da Orde do _____.

Quinta. A partir de _____, data de cumprimento dos 61 anos de idade do traballador ou da traballadora a que se refire o convenio, as cotas mensuais correspondentes a este convenio especial serán a cargo exclusivo do dito/a traballador/a, que deberá efectua-lo seu pagamento no prazo establecido con carácter xeral na normativa reguladora dos convenios especiais (artigo 8 da Orde do _____).

A ese respecto, a base de cotización aplicada neste convenio especial poderá se-la incrementada en cada exercicio a partir do dito cumprimento dos 61 anos de idade do/da traballador/a afectado/a polo convenio, nos termos establecidos no artigo 20, en relación co artigo 6 da Orde do _____.

Mais en ningún caso a base de cotización elixida poderá ser inferior á base mínima de cotización prevista na alínea 2.1.c) do citado artigo 6 da _____ Orde do _____.

Sexta. A acción protectora a que se estende este convenio especial a favor do/da traballador/a a que se refire este convenio é a establecida con carácter xeral na normativa reguladora dos convenios especiais, tendo, por tanto, como obxecto a cobertura de tódalas prestacións derivadas de continxencias comúns, a excepción dos subsidios por incapacidade temporal, maternidade e risco durante o embarazo.

Sétima. Este convenio especial quedará extinguido por calquera das seguintes causas:

- a) Por queda-lo interesado comprendido no campo de aplicación dun réxime de Seguridade Social que teña establecido o cómputo recíproco de cotizacións co réxime en virtude do cal se subscribiu o convenio especial.

Non se producirá a extinción do convenio especial cando a inclusión nun réxime da Seguridade Social se produza como consecuencia dun contrato a tempo parcial, caso en

que a suma de ámbalas bases de cotización non poderá exceder do tope máximo de cotización vixente en cada momento, debendo, se for o caso, rectificarse a base de cotización do convenio especial na cantidade necesaria para que non produza a superación dese tope máximo.

- b) Por adquiri-la condición de pensionista por xubilación, ordinaria ou anticipada, ou por incapacidade permanente en calquera dos réximes a que se refire o punto anterior, así como polo cumprimento dos 65 anos de idade.
- c) Por falta de aboamento das cotas correspondentes a tres mensualidades consecutivas ou a cinco alternativas, cando o pagamento pase a ser efectuado, nesta modalidade de convenio especial, a cargo exclusivo do traballador, é dicir, a partir de que cumpra os 61 anos de idade.
- d) Por falecemento do interesado.
- e) Por decisión do interesado, comunicada por escrito á dirección provincial da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou Administración da Seguridade Social correspondente.

A extinción terá lugar a partir do día 1 do mes seguinte á da data da comunicación escrita.

Oitava. Fíxase como data de iniciación dos efectos deste convenio especial a do _____, día seguinte á data de extinción da relación laboral do traballador ou traballadora a que se refire o convenio, como consecuencia do expediente de regulación de emprego ou, se for o caso, data do cesamento na obriga de cotizar por extinción da prestación por desemprego contributivo conforme a citada disposición adicional trixésimo primeira 1.

O que, en proba de conformidade, asinan as partes indicadas ó principio, por triplicado exemplar, quedando en poder de cada unha delas (traballador ou traballadora beneficiario ou beneficiaria do convenio, empresa afectada e Administración da Seguridade Social) un exemplar deste convenio especial.

En, o de de

O/A TRABALLADORA

POLA EMPRESA A
O/A (cargo ou representación)

POLA ADMINISTRACIÓN DA
SEGURIDADE SOCIAL
O/A (cargo)

Asdo.:

Asdo.:

Asdo.: